



## ILTMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

Expt.: 3/10-C

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 7.07.2010 adoptou entre outros o seguinte acordo:

**"Primeiro.-** Elevar a definitiva a adxudicación do contrato de obra "REFORMA DE CAMPO DE FÚTBOL: ADECUACIÓN DEL TERRENO DE JUEGO Y MEJORA DE LAS INSTALACIONES" á empresa COPCISA, S.A., co CIF n.º A-08190696, e domicilio na rúa Ronda de Outeiro n.º 68, 1º-B, de A Coruña (CP 15009), polo importe de 475.229,30 € máis o IVE (18%) por importe de 85.541,27 €, que fan un importe total de 560.770,57 €, e coas seguintes condicións:

- N.º de traballadores desempregados a contratar: 18
- N.º de traballadores desempregados de longa duración a contratar: 8
- Prazo de execución: 3 meses
- Incrementa o prazo de garantía en 36 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no proxecto, co que o prazo total de garantía de 48 meses.
- Incrementa a aportación ao control de calidade externo na porcentaxe do 1,75, pasando do 1,25% fixado no proxecto, ao 3%
- Melloras: as descritas na súa oferta por importe de 184.297,42 € (IVE incluído)

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares, o proxecto aprobado por Resolución da Alcaldía de data 7.05.2010 e a oferta achegada pola empresa.

**Segundo.-** Dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 452.632.21 do vixente orzamento municipal.

**Terceiro.-** Notificar a elevación a definitiva da adxudicación provisional ao contratista e aos licitadores que non resultaron adxudicatarios e autorizar a devolución da garantía provisional por eles prestada.

**Cuarto.-** Outorgar un prazo de 10 días hábiles para a sinatura do contrato.

**Quinto.-** Requirit ao adxudicatario para que no prazo de 15 días naturais contados dende a notificación deste acordo achegue o Plan de Seguridade e Saúde no traballo para a súa aprobación polo órgano de contratación previo informe do coordinador de seguridade e saúde e posterior comunicación á autoridade laboral.

**Sexto.-** Nomear directora de obra á arquitecta municipal dona María Isabel Medraño Fariña.

**Sétimo.-** Notificar este acordo á directora de obra e os departamentos municipais de contratación e Intervención e proceder á súa publicación no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

**Oitavo.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei de Contratos do Sector Público".

O que se fai público aos efectos oportunos.

PERFIL DO CONTRATANTE